



PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

PROGRAMA III. BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS

Axuda ás persoas traballadoras autónomas xa consolidadas para impulsar a mellora da competitividade da súa actividade empresarial en Galicia mediante investimentos

Prazo aberto das 9:00 h
do **11 de febreiro** ata
as 20:00 horas do **30
de setembro de 2026**



Orzamento
8.000.000 €



Persoas beneficiarias

- » As persoas traballadoras autónomas de alta no RETA, outro réxime especial por conta propia ou mutualidade^(*) de colexio profesional, con domicilio fiscal en Galicia, antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos, e cun rendemento neto reducido inferior a 50.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído) na declaración do 2024.
- » As sociedades de calquera clase e comunidades de bens^(*) con domicilio fiscal en Galicia, que teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos, cunha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído) e unha base impositiva no Imposto de Sociedades (ou unha suma de todos os rendementos netos reducidos declarados por cada membro da entidade solicitante para as entidades en réxime de atribución de rendas) do ano 2024 inferior a 50.000 euros.

(*) Exclúense as persoas autónomas colaboradoras e os familiares, as persoas autónomas administradoras (salvo se forman parte da sociedade) e as persoas autónomas ou sociedades que perciben esta axuda nalguna das cinco últimas convocatorias.



Intensidade da axuda

O gasto debe estar **realizado** e **efectivamente pagado** entre o 1 de outubro de 2025 e a data de presentación da solicitude.

Axuda do **60 %** de cada investimento cun importe máximo total de **7.000 €**

Investimentos subvencionables

- Compra de maquinaria
- Compra e/ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética
- Substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos
- Compra de utillaxe e ferramentas
- Reforma do local ou espazo do negocio
- Equipamento informático, equipamento de oficina e/ou negocio
- Rótulos
- Aplicacións informáticas, creación de webs, apps e redes sociais
- Deseño de marca





PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

PROGRAMA III. BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS



Presentación de solicitudes e documentación complementaria

- » A solicitude e documentación complementaria debe **presentarse obrigatoriamente por medios telemáticos** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- » **Facturas emitidas no período subvencionable** (importe mínimo 100 € sen IVE) **xa pagadas**, que identifiquen as características e o custo do investimento, e **xustificantes bancarios do pagamento**.
- » Documentación xustificativa do **volumen de facturación e base imponible** (IVE, IRPF, imposto sobre sociedades do ano 2024 ou declaración responsable para quen tribute por módulos, segundo o caso).
- » No caso de persoas autónomas societarias, acreditación de que **a persoa autónoma societaria é socia da entidade** que solicita a subvención, e **declaración responsable** de que ningunha outra persoa autónoma societaria fixo unha solicitude da presente axuda pola mesma sociedade.
- » De ser o caso, **certificado da mutualidade do colexio profesional** indicando os períodos de alta.
- » No caso de solicitantes aos que se lles aplique o **régime especial de recargo de equivalencia**, tributen en réxime de atribución de rendas ou a súa actividade estea exenta da tributación de IVE, **certificado de situación censual**, modelo 036 ou outro documento acreditativo da dita situación.
- » No caso das **persoas autónomas administradoras que participen na sociedade** nunha porcentaxe igual superior ao 25 % das súas participacións, ou igual ou superior ao 33% do seu capital, **certificado do rexistro mercantil, escritura notarial ou calquera outro documento que recolla fidedignamente** tanto a dita participación como a súa condición de persoa autónoma societaria con data anterior a presentación da solicitude.
- » No caso de reforma do local, presentarse unha **fotografía do local antes da reforma e outra feita despois da reforma**.
- » Se é o caso, **declaración responsable** segundo o modelo que consta na Sede electrónica da Xunta de que **as apps/páxinas web van a ser utilizadas durante varios exercicios**.



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- » **Manter a alta no RETA ou mutualidade** durante un **mínimo de 24 meses** de forma ininterrompida desde a data de solicitude da subvención, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade.
- » Xustificar ante o órgano concedente o **cumprimento dos requisitos e das condicións**, así como a **realización da actividade** e o **cumprimento da finalidade** que determinen a concesión da subvención.
- » **Someterse ás actuacións** de comprobación que efectúe a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou de control que realicen os órganos competentes, tanto autonómicos, como estatais ou comunitarios.
- » Comunicarlle ao órgano concedente **calquera modificación** das condicións tidas en conta para a concesión da subvención
- » **Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas** e da Seguridade Social e **non ter pendente ningunha outra débeda** coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- » **Dispor dos libros contables, rexistros ou documentos** auditados esixidos pola lexislación mercantil ou sectorial.
- » Adoptar **as medidas de difusión para dar publicidade** ao financiamento público durante 12 meses, segundo o modelo de cartel dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

